

Nosas Novas



CIFP COMPOSTELA

Edición 2014/15



CIFP COMPOSTELA
Equipo de Normalización Lingüística
nº2- Xuño 2015



COMPOSTELA
www.cifpcompostela.edu.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

As posibilidades de acceder a unha titulación

Hai menos de dez anos que nos centros de FP formábase ao alumnado nunha soa modalidade (ordinario presencial) e para aquel alumnado que tiña materias pendentes de cursos anteriores ou que estaba traballando e se atrevía a facer un exame, celebrábanse probas libres.

Duns anos a esta parte a Administración fomentou que os centros educativos, entre eles o CIFP Compostela poidan titular ou recoñecer competencia profesional a través de múltiples vías. De maneira que actualmente no Centro se imparte formación profesional inicial en ciclos

medios e superiores e en modalidades (ordinario, modular e modular semi-presencial) tamén se imparten ciclos de nivel 1 de F.P. básica e realízanse anualmente probas libres de todos os ciclos LOE. Dirixido a desempregados e como centro integrado tamén participamos en formación para o emprego impartindo cursos AFD de medios propios promovidos pola Consellería de Traballo e Benestar e para traballadores en activo ou persoal cualificado realízanse convocatorias anuais para o recoñecemento da competencia profesional a través dun proceso de acreditación a vez que periodicamente se realizan cursos de formación continua e actualización para traballadores en activo.

Esta diversidade na oferta educativa posibilita que calquera persoa con idade superior aos 15 anos poida acceder a unha titulación acorde aos seus estudos previos (accedendo a ciclos de nivel 1 con FP Básica, a Ciclos medios con graduado en ESO ou proba de acceso ou a Ciclos superiores con Bacharelato ou proba de acceso) ou a súa experiencia e situación laboral e profesional (accedendo a Probas para o Recoñecemento da



Competencia Profesional, Probas libres, Accións Formativas Preferentemente para desempregados con Certificado de profesionalidade ou cursos de formación continua con recoñecemento de Unidades de competencia).

Con toda esta oferta, no curso 2013/14, 245 alumnos e alumnas obtiveron unha titulación nalgún dos ciclos formativos asemade mais de 40 desempregados recibiron formación recoñecida con Certificado de profesionalidade, 55 candidatos participaron no proceso de Acreditación de competencia profesional e 14 alumnos e alumnas presentáronse a probas libres.

Ante as múltiples posibilidades que o alumnado ten para cursar estudos de formación profesional, animamos a todos aqueles que carecen de titulación algunha ou teñen interese en adquirir formación práctica nalgún ámbito do mundo laboral, consulte a oferta de formación dispoñible na seguinte web:

<http://www.edu.xunta.es/fp/conece-fp>

Quen nos entende? Subimos ou baixamos? Somos ou non somos?

Por primeira vez na historia de Galiza desde o século IX, o galego xa non é o idioma habitual da maioría dos seus habitantes. Menos do 50% dos galegos e das galegas ten o galego como lingua cotiá, segundo os datos debullados polo Instituto Galego de Estatística do censo de vivendas e poboación do INE.

Aínda que non é un informe exhaustivo, todos coinciden que amosa unha tendencia (queda de falantes habituais en galego) sobre a que desde hai anos advirten colectivos e entidades que traballan a prol do idioma.

Así, nunha investigación de campo realizada durante os anos 2005-2007 a partir dun convenio de colaboración entre o CCG e o Instituto de Ciencias da Educación da USC, constatouse con preocupación que os resultados obtidos a partir da introdución do estudo da lingua galega, e mesmo do galego como lingua vehicular, no currículo educativo son notablemente inferiores aos esperados e razoablemente esperables, cando menos no que atinxe ao incremento do uso do galego por parte dos e das estudantes. Obviamente, estes cativos resultados deben ser explicados pola confluencia de diversos condicionantes, uns de tipo lingüístico (nivel e tipo de competencia, grao de fluencia, etc.), outros de tipo comunicativo (o ensino da lingua está orientada á capacitación para o uso?), algúns máis de carácter actitudinal (falta de motivacións para o uso do galego) e aínda outros doutro tipo (como pode ser a escaseza de ocasións para a comunicación informal en galego).

Esa mesma preocupación vémosla tamén na RAG, que apelando a súa finalidade de defensa e promoción do galego, e ante os diversos sinais que


apuntan a un progresivo deterioro da situación do idioma propio do país no sistema educativo, na xuntanza da súa Comisión Executiva de 18 de xuño de 2014, acorda dirixirse en nome da institución á opinión pública para chamar a atención do conxunto da sociedade e, especialmente, apelar á responsabilidade do goberno galego en relación con este importantísimo problema, en que se xoga en boa medida o futuro do galego. En concreto, a Real

Academia Galega urxe o goberno galego para que, cumprindo as previsións legais, en primeiro lugar, proceda a avaliar a evolución da situación do galego no ensino e os efectos desta nas competencias do estudiantado nos niveis non universitarios (dun

xeito especial, na educación infantil e primaria); e en segundo lugar, tome as medidas oportunas para asegurar que se cumpren os obxectivos marcados na Lei de Normalización Lingüística no referente ao sistema educativo como axencia de normalización da lingua galega, non de desgaleguización.

En termos semellantes exprésase A Mesa. No curso 2008-2009, aínda co decreto 124/2007 en vigor -establecía un "mínimo" do 50% das clases en galego- a presenza do galego no ensino infantil urbano era do 35%. No seguinte curso, 2010-2011, esa porcentaxe ficaba xa no 10%. En todos os casos, segundo A Mesa, isto equivale a estar por baixo da lexislación vixente, pasando por riba de normas como a Lei de Normalización Lingüística, pero tamén

Centros que declaran impartir ensino infantil en galego



obviando o propio decreto do plurilingüismo. O decreto di que ten que haber atención ao alumnado que empregue o galego en aulas impartidas en castelán, así como un labor de introdución da lingua galega nas contornas castelán-falantes. Mais isto non se produce.

As políticas lingüísticas que se aplicaron desde que existe a autonomía até hoxe non teñen incidido na mellora da situación, senón que teñen resultado en mantela tal e como está, e a situación é de regresión e de perda de falantes do galego. Os datos son consecuencia desas políticas. Aquí houbo unha lei de normalización lingüística que nunca se chegou a aplicar, hai un plan de normalización da lingua galega que tampouco...hai unha serie de acordos e de desexos aparentemente compartillados por todas as forzas políticas, etc, etc, pero nunca houbo vontade real de os levar á práctica.

A Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (1997), a Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias (2001) e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004), representan tres grandes acordos para avanzar na normalización lingüística subscritos nos diversos foros de representación democrática. Acordos que, porén, non conseguiron acadar os obxectivos previstos, ao non se facer efectiva durante todo este tempo a súa aplicación. Lembremos a ese respecto o contundente informe aprobado en 2005 polo Comité de

Ministros do Consello de Europa, no que recordaba que o sistema educativo galego non estaba á altura dos compromisos de normalización lingüística adquiridos a nivel internacional polo Estado español.

Diante de tal estado de cousas hai que actuar para reverter a situación, actuar para mudar as políticas lingüísticas, o que non se pode facer é actuar para que a situación siga igual, como se vén facendo desde hai máis de 30 anos. Entón se se quer reverter, o que fai falta é un compromiso firme e vontade real por parte prioritariamente de quen ten o goberno e tamén do resto das forzas políticas, para que o galego estea presente e estea en condicións de mínima igualdade, para ter unha existencia normal que é o que non ten o galego neste momento.

O galego é un patrimonio común e un elemento de unión de todas as galegas e de todos os galegos. A todas e todos beneficia e a ninguén prexudica que poidamos vivir e aprender no noso idioma.



“SE PODES SOÑALO, PODES FACELO”

Zuriñe Rodríguez Sánchez, Comezou os estudos de diplomatura de Maxisterio, especialidade de Educación Física, cambiándose máis tarde para a licenciatura de INEF. Actualmente está a rematar o Ciclo Superior en Dirección de Cociña.

Naceu en Barakaldo, Biscaia. Durante os seus primeiros 18 anos viviu alí, onde practicaba mil actividades extraescolares, como debuxo, linguas, danzas vascas, tocar o txistu (un instrumento vasco) dándolle maior importancia entre todas elas á natación.

Participou en triatlón tan só en tres competicións, unha delas o campionato de España, onde conseguiu a súa primeira medalla estatal. Chamárona da federación para formar parte da selección de España, coa mira posta nos Xogos Olímpicos de Beijing. Viviu no centro de Alto Rendemento “Blume” durante 8 anos, onde se formou como triatleta e como persoa, xa que se foi da casa con tan só 18 anos, botando de menos a súa familia e amizades.

Viviu cinco anos máis en Madrid comendo e adestrando cada día na Blume, pero vivindo na súa casa.

Zuriñe, sabemos que participaches nos XX.OO de Londres. Que deporte practicas?

Comecei a practicar natación con 12 anos, cousa decisiva para o que fago agora que é triatlón; se es bo nadador tes moito ganado como triatleta.

Dende cando a túa paixón por esta modalidade?

Sempre me gustou o deporte, paréceme unha forma de vida, algo fundamental para encontrarme ben cada día, creo que o deporte apórtache moitas cousas, inclusión social, crecemento persoal, desenvolve o teu potencial físico e mental e achégache benestar psicolóxico.

Practiquei deporte toda a miña vida dunha forma ou outra. Caín no triatlón porque o practicaban os meus adestradores de natación, ía velos correr e gustábame. Na miña cidade celebrábase unha



carreira, pero a miña nai nunca me deixaba facelo, sempre me poñía excusas, xa que a bici sempre lle gustou pouco, parécelle perigosa para circular entre os coches.

Por fin conseguín convencela e o primeiro triatlón fixeno en Comillas, Santander, con 17 anos. Gañei e, queiras que non, iso motiva aínda máis, así que aquí sigo, cada día con máis ilusión e novas metas.

Que te motivou a vir a Galicia a estudar o Ciclo Superior de Restauración no CFP Compostela?

O ano despois dos Xogos Olímpicos planeei moitas cousas. Levaba 12 anos esixíndome moito en todo, pero sobre todo como triatleta, así que necesitaba cousas novas, motivacións extras e un pouco de paz. Ao final decanteime por estudar cociña, para abrir máis adiante o noso propio restaurante, matriculeime en Madrid na escola de Lago, do cal estou super orgullosa, aprendín moito e motiváronme.

Hai grandes profesores: Sergio Fernández Guerrero, Luis Cía Utieta, Manuel García.. por nomear algún.

Ese ano cambiei de adestrador, comecei a adestrar con José Rioseco, cousa que quería facer dende facía moito. Estivemos un ano adestrando na distancia, pero os dous sabiamos que o día a día era importante así que pensamos que irme a Galicia sería máis que produtivo.

En xuño do ano pasado falei con Ramiro Esparís Sampedro, director do CIFP Compostela, e pola súa banda todo foron facilidades, así que aquí estou.

Que é o que máis valoras do teu paso por este centro?

A aprendizaxe, os compañeiros e os profesores.

É increíble o material que hai na escola, todo moi novo.

Que esperas do teu futuro como profesional da Restauración e como atleta de elite?

Como profesional da hostalaría, abrir o noso propio restaurante. En principio, a idea é facelo en Madrid: tapas de bo tamaño, calidade, deseño, excelente servizo e bo prezo, lévome a Alba Varela, da escola, para que traballe de maître, hehehe.

Como triatleta, todo o que soñei conseguino; agora que son consciente do logrado teño que gozalo. Ás veces penso en que me gustaría formar novos triatletas, adestrar xente que goza diso, profesionais ou non.

E volver ir a outros XX.OO para mellorar o posto.

Un desexo a curto prazo?

Que faga o que faga siga tendo ilusión por aquilo que practico.

E que a miña xente estea ben aínda que non poida estar todo o tempo que queira ao seu carón.

Que recomendarías a futuros estudantes de cociña?

Está claro que nos metemos na boca do lobo, que é un traballo duro e de moitas horas, pero tamén é certo que é moi bonito, podes expresar a túa creatividade no prato, unir sabores impensables que en boca sorprendan, facer gozar a xente coas túas creacións ou simplemente cun prato de fabas.

A cociña une, moitas reunións ou quedadas fanse ao redor dunha mesa comendo. Que pensen na satisfacción que poden lograr co que fan e que eles mesmos gocen facéndoo.

Creo que vas participar nos XX.OO de Brasil 2016, acordaraste de nós cando estas no podio coa túa medalla ao pescozo?

Isto é o máis difícil. Non que me acorde de vós, senón que estea no podio duns XX.OO.

Cada vez está máis limitado o fomento do deporte profesional, que te poidas dedicar 100% a iso e se non é así practicamente é imposible, polo menos no noso deporte, o triatlón. A pesares da crise a min séguenme a axudar as mesma empresas de sempre, como son Specialized, Aquaman, New Balance, Taymory, KeepGoing e Cifras e letras. Mesmo teño un novo Patrocinador como é Patrocina un deportista, pero a nivel público as bolsas teñen diminuído moito e a federación cambiou a política, así que no meu caso, para poder viaxar será máis complicado.

Esperemos poder clasificarnos aínda que sexa con moi poucos recursos!



“É unha profesión moi bonita, na que fai falla moita predisposición, entrega, vocación, sacrificio e formación”

Entrevistamos a Óscar Quintana Lourido un antigo alumno do centro que nos conta a súa experiencia no mundo laboral.

NN.- Vostede cursou estudos de servizos de restauración neste centro, que expectativas profesionais tiña cando decidiu matricularse?

OQ.- As expectativas eran altas, e dalgunha maneira, estanse a cumprir. Para poder dedicarme a esta profesión e facelo de forma gratificante sabía que tiña que estar máis cualificado, evolucionar, adquirir máis capacidades, coñecementos, destreza, habilidades, aptitudes... Ter esa visión e perspectiva para evolucionar dende dentro, dende a base, sospeitaba que era o mellor.

NN.- Non hai moito que rematou os seus estudos, lémbrao? E que recordos lle veñen á memoria do paso polas aulas deste centro?

OQ.- Fai 10 anos exactamente. Teño certa morriña que aflora case sen querer. Véñenme á memoria dunha maneira emotiva e alegre esas boas sensacións e recordos. Destacaría o equipo humano (alumnos, profesores, resto do persoal do centro), o rigor, a esixencia permanente, a capacidade e a predisposición e entusiasmo do profesorado por intentar transmitir satisfactoriamente os conceptos, os coñecementos, as prácticas; destacaría tamén a ilusión, o compromiso, a dedicación, as

